

Musical Bienfuegos

GUÍA PARA O COIDADO DOS INSTRUMENTOS DE CORDA

TEMPERATURA E HUMIDADE

Os niveis de temperatura e humidade varían drasticamente entre o inverno e o verán e, xa que estes instrumentos están feitos de madeira, esta expándese e contráese causando pequenos zumbidos e aberturas ou problemas maiores como gretas.



Para minimizar estes problemas, convén manter o nivel de humidade entre un 30-40%. É importante manter unha humidade constante durante todo o ano usando un humidificador, ben para o instrumento ou ben para o estoxo. Lembra non expoñer o teu instrumento a temperaturas extremas e nunca o deixes dentro do coche.



CLAVIXAS

As clavixas ríxidas ou frouxas son un problema bastante común, que se produce por variacións de humidade, polas cordas incorrectamente enroscadas, polo axuste inadecuado das clavixas...



Lubricar a clavixa e/ou reposionala un pouco máis cara a fóra (afastada do clavixeiro) pode axudar a minimizar estes problemas.



Musical Cienfuegos

LIMPEZA

Elimina regularmente o exceso de resina depositado nas cordas e no instrumento cun pano de microfibra seco. Cando a resina se acumula pode provocar algúns danos no verniz e facer que o son das cordas sexa deficiente.



Para unha limpeza máis exhaustiva, emprega un limpador para instrumentos de madeira, dispoñible na túa tenda especializada.



Lembra revisar o teu instrumento unha vez ao ano para un axuste xeral.

Rúa Argentina 25 - baixo
15011 - A Coruña
Telf.: 881 889 425

www.musicalcienfuegos.com
musicalcienfuegos@gmail.com

<https://m.facebook.com/musicalcienfuegos>
instagram: @musicalcienfuegos

CORDAS

Substitúe as cordas regularmente para asegurar que o son do teu instrumento estea sempre ao máximo do seu potencial. As cordas perden gradualmente a súa calidez e brillantez, sobre todo se o instrumento non se utiliza frecuentemente. Os músicos cunha actividade constante deberían mudar as cordas cada seis meses para un óptimo son e desempeño. Os estudantes xeralmente deberían substituír as cordas anualmente. Cando cambies as cordas, faino sempre de unha en unha e asegúrate de que a ponte non se incline nin cara adiante nin cara atrás. Ten en conta que a maioría das cordas precisan de un período de adaptación (algúns días) antes de se estabilizaren.



ARCO

Se o arco ten demasiada resina, o son resultante será excisivamente áspero e o po do exceso da resina será visible. Este acumularase nas distintas zonas do instrumento dificultando a súa limpeza. Non é necesario aplicar resina ao arco cada vez que se empregue. Lembra limpar o arco cun pano de microfibra despois de cada uso e gárdao sempre destensado.

